

ct

# O péndulo

de  
Ernesto Is y Marta Pérez

*(fragmento en galego)*

## 1. SILENCIO

*Unha mesa. Nela senta Marta, que escoita a través duns auriculares.*

MARTA

Canto pesa o silencio? Desde que decidín contar esta historia, acompañame a mesma pregunta día e noite: canto pesa o silencio? É irónico. Pretender falar de silencio no lugar onde as palabras son todo. Ás veces, calar é o máis sinxelo e, tamén, o máis difícil. Lembro non escoitar nada a mañá de abril na que a miña avoa Pepa morreu. Nin o vento, nin os paxaros, nin as cisternas rotas dos veciños. Nada de nada. Parecía como se o mundo decidise parar xusto cando ela o abandonaba. A rúa Progreso da Cañiza foi, durante uns segundos, a raíz dun silencio que se estendía sobre a Terra e no interior da miña alma. Non sei por que conto todo isto. Dáme pudor falar destas cousas enriba dun escenario. Pero se non o fago, que sentido ten que eu estea hoxe aquí? Se co meu silencio perpetúo o silencio outra xeración máis, por que calar? Recordo apertar o corpo da miña avoa contra o meu corpo por derradeira vez. Pepa adelgazara moito por mor do alzhéimer que a acabou levando con 80 anos. Ela, que fora tan enérxica, foise consumindo coma unha candeia de cera ata enmudecer de frío. Ela, que loitara décadas contra o esquecemento, rematou por esquecelo todo. Todo agás ao seu pai.

*Entran Rosa e Nerea. Marta quita os auriculares.*

MARTA

*(Colle a man de Rosa)* Dixenche algunha vez canto te parecees á miña avoa? O teu físico, a túa pel, as túas olleiras, as túas mans... Tes o pelo igual de ondulado —aínda que ela era morena—, es de Ribadavia coma ela... Rosa, ti es Pepa. A miña Pepa.

## 2. MEMORIA

*Mesa de braseiro. Nela senta a avoa Pepa, facendo un solitario.*

PEPA

Nena! Nena, onde estás?

*Marta asoma a cabeza polos baixos da mesa.*

PEPA

Martiña, achégate ao salón, por favor!

*Marta aguántase a risa.*

PEPA

Traste de nena! Que andará a facer?

MARTA

*(Saíndo do seu acocho)* Buuuuh!

PEPA

¡*Jesús!* Que susto!

MARTA

Non me viches, avoa! Non me viches!

PEPA

Vouche dar no cu! Mira que esconderte onde o braseiro... Calquera día imos ter unha desgraza!

MARTA

Non é un braseiro, avoa, é un ovni!

PEPA

Un que!?

MARTA

Un obxecto voante non identificado.

PEPA

Boh, que parvadas dis! É unha mesa cun braseiro e pódeste queimar.

MARTA

Se tanto queima, por que metes os pés aí dentro?

PEPA

Porque son vella e as vellas sempre temos frío.

MARTA

E os vellos?

PEPA

Os vellos, que?

MARTA

Os vellos, como o avó Andrés, tamén meten os pés na mesa do braseiro cando teñen frío?

PEPA

Non, os vellos meten os seus pés conxelados entre os pés das vellas.

MARTA

Por que fan iso?

PEPA

Para enfastialas.

MARTA

Pois é máis divertido!

PEPA

Anda, nena, fai o favor e prende o televisor que está a piques de empezar *Cristal*.

MARTA

Cristal!? Que cristal vai empezar, avoa?

PEPA

A novela, Martiña, a que botan na televisión! Ai, é que andas nos biosbardos... Acende o chisme!

*Marta obedece.*

MARTA

Cando eu sexa vella, tamén vou meter os meus pés fríos entre os pés da xente para molestar.

PEPA

*(Concentrada entre as cartas e a televisión)* Moi ben...

MARTA

Avoa, ti coñeces a moitos vellos?

PEPA

Algúns...

MARTA

A cantos?

PEPA

Ai, Martiña, non sei! A moitos. Pola mercería pasan vellas e vellos día si e día tamén.

MARTA

E sabes se eles tamén teñen frío?

PEPA

Como?

MARTA

Que se teñen frío, avoa! Non me fas caso ningún...

PEPA

Ai, nena, é que non atopo o cinco de bastos...

MARTA

*(Achégase a ela e colle unha carta)* Esta?

PEPA

Si! Pona aquí.

*Marta faino.*

PEPA

Merendaches?

MARTA

Si, a laranxa que me preparaches. *(Pausa)* Avoa, por que nesta casa non hai nada vello? Os mobles, as cousas... Todo é novo, incluída a televisión.

PEPA

E que problema tes con que todo sexa novo?

MARTA

Pero é que as casas dos avós das miñas amigas teñen moitas cousas vellas...

PEPA

Pero seguro que as casas dos avós das túas amigas foron sempre súas. Este piso é novo, Martiña. Sempre vivimos de aluguer, de aquí para alí cos trastes ás nosas costas.

MARTA

É polo que non hai nada vello?

PEPA

Exacto, porque gardamos poucas cousas. Só o imprescindible. Pero as poucas cousas que temos, teñen memoria, a memoria de toda unha vida.

MARTA

Como esas fotos en branco e negro que tes na túa habitación?

PEPA

Como esas fotos. Porque, aínda que non sexa nosa, unha casa sen memoria non é casa nin é nada. *(Deixa as cartas e ponse de pé para coller algo)* Mira.

MARTA

Que é isto?

PEPA

Un péndulo.

MARTA

E para que serve?

PEPA

Para atopar cousas.

MARTA

Pois xira igual que un *platillo* voante.

PEPA

Foi do meu pai.

MARTA

Regaloucho?

PEPA

Tíñao no seu taller. Era latoeiro.

MARTA

E como se chamaba?

PEPA

Tirso, igual que o teu pai. *(Pausa)* O meu pai chamábase Tirso Gómez Freijido. E matárono na guerra.

*Pepa dálle o péndulo a Marta e este comeza a oscilar.*